

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE LIBRAMENTO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DE FINANCIAMENTO

Que a Consellería de Medio Rural e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural están a tramitar o convenio arriba referido. A vixencia deste Convenio circunscribírase ao exercicio orzamentario 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime que se seguirá no libramento das transferencias correntes de financiamento que realiza a Consellería de Medio Rural á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Que a necesidade do convenio xustifícase na seguinte regulación:

O artigo 48. Dous da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece que as achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, agás que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. O mesmo artigo contempla que o convenio someterase a informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural participa en diversos proxectos europeos e de fondos do Estado, sendo os créditos destinados á realización destes proxectos de carácter finalista. Os fondos dótanse nos capítulos IV e VII da Consellería de Medio Rural, en función de que as actividades se imputen a gastos correntes ou de capital. No caso de que os fondos finalistas se doten no capítulo IV (transferencias correntes), os libramentos destes fondos por doceavas partes, poden ter as seguintes consecuencias:

1. Aínda no caso de que na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural non se executen as actividades, recibe igual os fondos finalistas
2. Os remanentes de fondos finalistas na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural son obxecto de incorporación ao ano seguinte; e na Consellería de Medio Rural, por terse librado por doceavas partes os fondos finalistas correspondentes ás transferencias correntes (Cap. IV), non hai remanentes para incorporar, producíndose un desequilibrio orzamentario ao ano seguinte.

No texto do convenio ao que se fai referencia, indícase que no orzamento de gastos da Consellería de Medio Rural, concretamente na aplicación 15.06.712A.432.09 que recolle as transferencias correntes de financiamento á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dótanse fondos para distintas finalidades e segundo a súa procedencia, con distintas modalidades de financiamento.





Por todo o exposto, es preciso modificar o réxime de financiamento das achegas de natureza corrente que a Consellería de Medio Rural efectúa a favor da Axencia Galega de Medio Rural, de xeito que as achegas de fondos finalistas se efectúen atendendo ao ritmo de execución por parte da Axencia dos gastos en cada un dos proxectos cuxo financiamento tamén é finalista.

Por todo o exposto, propónse a subscrición dun convenio ao abeiro do disposto no artigo 48 dous da dita lei para regular o réxime de libramentos de fondos de transferencias correntes á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural cofinanciados con fondos finalistas.

Este convenio non precisará autorización do Consello da Xunta.

O obxecto do convenio é o de axustar o libramento de fondos ao ritmo de execución para o exercicio 2026 e, para iso, establécese un calendario de libramentos distinto, que non ten carácter mensual, e que se recolle na súa cláusula dúas.

O financiamento das transferencias correntes con fondos finalistas á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural faise con cargo á aplicación orzamentaria 15.06.712A.432.09, "Transferencias de financiamento á Agader", nos seguintes códigos de proxecto orzamentario:

Código proxecto	Descrición
2023-002621	Down to Earth
2025-00143	Rustik Proxecto Horizonte Europe 2021
2025-00144	Transf. de financiamento Feader PE-PAC a Agader 80-16-4

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A directora de Desenvolvemento Rural

María Paz Rodríguez Rivera

